

## PROTOCOLO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN SANITARA EN RELACIÓN Á CRISE DA COVID-19

Neste momento, a participación en actividades culturais esixe comportamentos diferentes en relación ás medidas de prevención precisas para fazer fronte á crise sanitaria que estamos a vivir, tanto por parte dos artistas como do público, e novas rutinas en relación ao acceso, permanencia, asistencia, saída. Aquí relántanse as medidas que se porán en marcha:

- A montaxe, desmontaxe, realización e celebración dos espectáculos están rexidos por un Protocolo de Medidas de Prevención Sanitaria en Relación á Crise do Covid 19.
- Todos os espectáculos contarán cunha **capacidade limitada** para un aforo de aproximadamente 200 persoas.
- O centro de actividades habitual do Verán Cultural, a Praza do Concello, cambia para a **rúa Jacinto Amigo**, un espazo tamén moi céntrico, pero máis delimitado e cuns accesos más claros que posibilitan o control de espectadores e de posibles aglomeracións. A acomodación do público será exclusivamente en cadeiras e o acceso será gratuito e por orde de chegada ata completar aforo, abrindose 1 hora antes do inicio de cada actividade.
- Os **menores** deberán estar **acompañados por adultos**.
- A entrada e saída das instalacións realizarase de forma graduada, por circuitos diferenciados, mantendo a distancia de seguridade e unha vez abandonado o recinto non se permitirá volver a acceder. **Será obligatoria a desinfección de mans e o uso de mascarilla para todos os asistentes**. Non haberá programas de man en papel e a información sobre os grupos estará disponible na páxina web do Concello de Carballo.
- Un dos espectáculos terá lugar no auditorio do Pazo da Cultura, coa finalidade de que tanto organizadores, servizos técnicos como espectadores reiniciemos tamén a actividade deste espazo e os novos hábitos que conllevará o seu uso. As instalacións e infraestructuras limparanse e desinfectaranse antes do seu uso.
- Para levar a cabo este protocolo cóntase coa colaboración e traballo imprescindibles de diferentes servizos municipais que apoian ao equipo de Cultura: a Brigada de obras, o servizo de Limpeza viaria, o de alumeadío público, a Policía local, protección civil e a Agrupación e Voluntarios de Protección Civil.

## AS ACTUACIÓNS DO VERÁN CULTURAL CONTAN COA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA A TRAVÉS DA SÚA REDE CULTURAL.

# Verán, Cultural

Carballo  
2020

07 agosto | 21.30

**MJ Pérez**  
*A luz prendida*

Ritmos latinos e músicas do mundo  
Rua Alcalde Jacinto Amigo Lera

14 agosto | 20.30

**Duelirium**  
*Voadores Circus*

Danza vertical, malabares, contorsión...  
Rua Alcalde Jacinto Amigo Lera

21 agosto | 21.30

**The Cerne**  
*Tributo a Creedence Clearwater Revival*

Rua Alcalde Jacinto Amigo Lera

24 xullo | 21.30

**Silvia Penide**

*El efecto boomerang*  
Canción de autor, pop intimista  
Rua Alcalde Jacinto Amigo Lera

31 xullo | 21.30

**Mago Teto**  
*Alquimia*

Maxia e diversión. Todos os públicos  
Pazo da Cultura



### INFORMACIÓN DE ACCESO

Entrada limitada ás butacas disponibles. Acceso: controlado ata completar aforo. Apertura de portas 1 hora antes do inicio do espectáculo. Control de acceso: menores acompañados dun adulto. Unha vez abandonado o recinto non se permite volver a entrar. Uso de mascarilla obligatorio



CONSELLARÍA  
DE CULTURA



POLICÍA LOCAL  
PROTECCIÓN CIVIL  
BRIGADA MPAL. DE OBRAS

+ INFO:



Cultura Carballo  
[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)



CONSELLARÍA  
DE CULTURA



POLICÍA LOCAL  
PROTECCIÓN CIVIL  
BRIGADA MPAL. DE OBRAS

+ INFO:



Cultura Carballo  
[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)



**VENRES 24 DE XULLO:  
CONCERTO DE SILVIA PENIDE  
"EL EFECTO BOOMERANG"  
CANCIÓN DE AUTOR, POP INTIMISTA  
R/JACINTO AMIGO, 21.30 H**

Silvia Penide é unha das representantes más destacadas da canción de autor en Galicia, que nos últimos anos se achega ao pop intimista que emociona e cativa a un público cada vez máis numeroso. Presentará, segundo a crítica especializada, un dos discos imprescindibles do 2019.

**VENRES 21 DE XULLO:  
MAXIA CO MAGO TETO  
ALQUIMIA MAXIA E DIVERSIÓN PARA  
TODOS OS PÚBLICOS.  
PÚBLICO FAMILIAR  
PAZO DA CULTURA, 21.30 H**

Un dos magos máis recoñecidos en Galicia, cun estilo propio e xenuino. Nesta nova aventura, o Mago Teto, tras varios anos estudiando, experimentando e intentando descifrar a estraña simboloxía dos libros sobre alquimia, busca a pedra filosofal; non para conseguir a riqueza e a vida eterna, senón a alquimia que está dirixida ao corazón: a felicidade!



**VENRES 7 DE AGOSTO:  
CONCERTO MJ PÉREZ  
"A LUZ PRENDIDA"  
R/JACINTO AMIGO, 21.30 H**

Ritmos latinos e músicas do mundo dunha das novas voces da música de autor galega que presenta a súa cuarta producción. A artista, unha das novas voces do panorama actual da música galega continúa a contar historias

dende un punto de vista moi persoal, empregando máis humor e ironía neste novo disco, pero tamén dando espazo á loita e á reivindicación.



**VENRES 14 DE AGOSTO:  
DUELIRIUM  
"VOADORES CIRCUS"  
DANZA VERTICAL, MALABARES,  
VUELO, CONTORSIÓN,...CIRCO EN  
ESTADO PURO.  
PÚBLICO FAMILIAR  
R/JACINTO AMIGO, 20.30 H**

Dúo artístico integrado por Mercè Solé e Raquel Oitavén con máis de dez anos de investigación e traballo en proxectos de creación aérea. Formadas en prestixiosas escolas de circo internacionais, desenvolven unha linguaxe propia deseñando as súas propias estructuras, elementos aéreos e vestiarios, dándolle un toque moi personal.



**VENRES 21 DE AGOSTO:  
CONCERTO THE CERNE  
"TRIBUTO CREEDENCE CLEARWATER  
REVIVAL"  
ROCK CLÁSICO FUSIONADO CON  
COUNTRY DE FINAIS DOS ANOS 60  
DUNHA DAS FORMACIÓN  
CARBALLESAS MÁIS IMPORTANTES.  
R/JACINTO AMIGO, 21.30 H**

A formación esta composta por 7 integrantes, 2 voces solistas Fany e Lara, Manolo ao teclado, Fran toca o baixo e voces, a batería esta Joaquin que tamén fai voces, e 2 guitarras, Jaime e Guillermo que tamén colabora coas voces. A posta en esceas baséase no repertorio do lexendario grupo Creedence Clearwater Revival, tocando no concerto prácticamente todos os seus éxitos.

